

Trabajo conCiencia

INTRODUCCIÓN

O cambio climático é un gran problema hoxe en día. A nosa forma de vida está afectando o clima da Terra. Necesitamos atopar formas de obter enerxía de maneira máis limpa e coidar o noso planeta, que está vivo e necesita a nosa protección.

GASES DE EFECTO INVERNADOIRO

O CO₂ É VIDA

As plantas necesitan CO₂ para facer a fotosíntese.

A fotosíntese produce O₂, que é necesario para respirar e vivir.

A humanidade é responsable dunha parte importante

O Cambio Climático é un feito lento e existiu sempre

O efecto invernadoiro é un efecto natural

A Terra sería 34° máis fría sen eles

As plantas precisan CO₂ para facer a fotosíntese.

A fotosíntese produce O₂, que é necesario para respirar e vivir.

OS GASES DE EFECTO INVERNADOIRO ESTÁN FORMADOS POR:

Dióxido de carbono (CO₂)

Metano (CH₄)


Óxido nitroso (N₂O)

Clorofluorocarbonos (CFC)

Hexafluoruro de azufre (SF₆)

Ozono (O₃)

Vapor de auga



Vimos dunha época, chamada Pequena idade de Xeo, na que as temperaturas foron extremadamente baixas, agora é normal que suban, xa que na época de Xesús as temperaturas eran similares a estas.

O cambio climático é un fenómeno normal, non temos por qué alarmarnos de momento.

O futuro non é apocalíptico, hai solucións:

- Reducir o uso de vehículos contaminantes
- Usar as fontes de enerxía renovables


- Reciclar
- Actuar contra os incendios dos bosques

AVIÓNS, AEROXERADORES E BARCOS

OS AVIÓNS

Expulsan: CO₂, Metano, NO_x

Un avión tipo Airbus A380 cunha capacidade de combustible de 320.000 litros, e cunha gran capacidade para pasaxeiros, precisa empregar a enerxía equivalente ao combustible que se usa aproximadamente para 3.500 coches, polo que un avión é máis contaminante ca un coche.



Ten unha gran repercusión na flora e fauna
Provocan interferencias sistemas de:

- Radio
- Televisión dixital terrestre
- Sistemas de radar dedicados ao control tráfico aéreo, defensa ou meteoroloxía

OS AEROXERADORES

Son moi perxudiciais para o medio ambiente

Como os avións, son perxudiciais para o medio ambiente

OS BARCOS MERCANTES

Producen:

- Contaminación polo petróleo e a gasolina
- Derrames de contaminantes
- Emisións nocivas ao medio ambiente
- A contaminación acustica

CAUSAS E CONSECUENCIAS DO CAMBIO CLIMÁTICO:

CAUSAS:

A xeración de enerxía mediante combustibles fósiles emite grandes cantidades de gases de efecto invernadoiro como o dióxido de carbono e o óxido nitroso, contribuíndo ao calentamento global.

A produción industrial emite gases de efecto invernadoiro ao queimar combustibles fósiles para fabricar diversos produtos, dende cemento e aceiro ata electrónica e roupa. Isto converte á industria nun dos principais contribuíntes ao calentamento global.

A tala de bosques libera carbono almacenado nas árbores, contribuíndo ás emisións. Destrúense aproximadamente 12 millóns de hectáreas de bosques nun ano, o que limita a

capacidade da natureza para absorber dióxido de carbono. Isto, xunto con cambios no uso do solo, representa arredor dunha cuarta parte das emisións de gases de efecto invernadoiro.

A maioría de camións, barcos e aeronaves funcionan con combustibles fósiles. Isto fai que o transporte sexa un dos sectores que máis contribúen a xerar gases de efecto invernadoiro, especialmente no que a emisións de dióxido de carbono se refire. Os vehículos terrestres son responsables da maior parte,

O consumo excesivo en hogares e o uso de enerxía, transporte e produtos afectan as emisións de gases de efecto invernadoiro. O noso estilo de vida inflúe nisto, e o 1% máis rico xera máis emisións que o 50% máis pobre.

Elevación de las temperaturas:

A medida que se eleva a concentración de gases de efecto invernadoiro, tamén o fai a temperatura da superficie do planeta. Na última década, do 2011 ao 2020, rexistrouse o maior calentamento ata a data. Dende os anos 80, cada década é máis cálida ca anterior.

EFFECTOS:

As tormentas destructivas son máis intensas e frecuentes en moitas rexións debido ao aumento das temperaturas, que provoca evaporación de humidade e, por ende, inundacións e precipitacións extremas. O calentamento do océano tamén inflúe na frecuencia e magnitude dos ciclóns, huracáns e tifóns, os cales causan danos graves en hogares, comunidades e na economía, así como perdas de vidas humanas.

O cambio climático ameaza a supervivencia de especies en terra e mar, aumentando co incremento de temperaturas. A extinción de especies ocorre a un ritmo mil veces máis rápido que en calquera outro momento histórico. Un millón de especies poderían extinguirse nas próximas décadas debido a incendios, clima extremo, plagas e enfermidades asociadas ao cambio climático. Algunhas especies poderán adaptarse, pero outras non.

O océano absorbe a maior parte da calor do quentamento global, aumentando a súa temperatura en todas as profundidades. Isto causa a expansión da agua e o aumento do nivel do mar debido ao desxeo de placas de xeo. Ademais, absorbe dióxido de carbono, reducindo a súa acumulación na atmosfera, pero isto tamén acidifica o océano, pondo en risco a vida marina e os arrecifes de coral.

O cambio climático está causando escasez de auga en varias rexións, especialmente nas xa secas. O quentamento global agrava a falta de auga, aumentando o risco de sequías que afectan a cultivos e ecosistemas. Estas sequías poden provocar tormentas de area e po destructivas, desplazando grandes cantidades de area entre continentes. Os desertos expándense e diminúen as áreas aptas para a agricultura, o que resulta en escasez de auga para moitas persoas.